

O2005099 PFPP O2031087 A Covid 19 vista desde o enfoque das diferentes áreas curriculares.

U.D. (título provisional)	<i>Erradicar / eliminar / suprimir o coronavirus.</i>
Área	Lingua Galega e Literatura
Etapa / curso	1º ciclo: 2º ESO.
Temporalización	<p>Esta unidade didáctica está pensada para ser impartida ao longo de 4 sesións:</p> <p>- 1ª sesión: explicación dos conceptos teóricos referidos ás relacións semánticas. Realización da primeira actividade (exercicio de verdadeiro ou falso). Lectura da noticia enlazada e realización dos exercicios sobre os sinónimos e os antónimos.</p> <p>- 2ª sesión: explicación dos conceptos teóricos referidos ao resumo e a presentación dixital. A continuación realizarase a primeira actividade (exercicio de verdadeiro ou falso)</p> <p>- 3ª sesión: lectura da segunda noticia enlazada e realización dun resumo da mesma. Lectura da última noticia e selección da información máis relevante para a presentación dixital.</p> <p>- 4ª sesión: elaboración da presentación dixital.</p>
Contidos	<p>- As relacións semánticas: polisemia, homonimia, sinonimia, antonimia, hiperonimia, hiponimia, holonimia e meronimia.</p> <p>- O resumo:</p> <ul style="list-style-type: none"> * Técnicas para a correcta elaboración dun resumo. * Uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais para a consecución dunha comunicación escrita e oral efectiva. <p>- A presentación dixital:</p> <ul style="list-style-type: none"> * Uso das Tic na elaboración de presentacións dixitais. * Uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais para a consecución dunha comunicación escrita e oral efectiva.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento e diferenciación das distintas relacións semánticas que se establecen entre as palabras. - Identificación das ideas máis relevantes dun texto. - Interiorización dos pasos na elaboración dun resumo. - Redacción de textos respectando as normas ortográficas e empregando un rexistro axeitado á situación comunicativa. - Elaboración de presentacións empregando as Tic.

<p>Estándares que se traballan</p>	<p>LGB1.2.2. Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.</p> <ul style="list-style-type: none"> • LGB1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). • LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal. • LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. • LGB1.7.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente. • LGB2.1.1. Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas. • LGB2.1.3. Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas. • LGB2.8.2. Adecúa as súas producións ao rexistro formal e educativo.
<p>Webgrafía</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Imaxes tomadas da páxina web https://pixabay.com/es/. • As imaxes empregadas nesta unidade didáctica son de libre uso.